



## REAPERTURA DO PRAZO DE ADMISIÓN DE ALUMNADO

No **DOG do 6 de maio**, foi publicado o *Acordo sobre o restablecemento do proceso de admisión de alumnado*. Para levar a cabo este proceso o equipo directivo do centro informa do seguinte:

- O novo **prazo de entrega de solicitudes** será do **11 ao 18 de maio** -ámbolos dous incluídos en horario de 09:00 a 13:00 horas- no Centro escolar.
- A presentación de **documentación** acreditativa do **baremo** será ata o **26 de maio**. (Recoméndase entregala do 11 ao 18 de maio)
- A publicación de **listaxes provisionais** de admitidos/excluídos farase o **8 de xuño**.
- **Reclamacións do 9 ao 11 de xuño** no horario citado na secretaría do Instituto.
- Publicación de **listaxes definitivas antes do 26 de xuño**.
- Formalización da **matrícula** na secretaría do centro do **1 ao 10 de xullo** no horario correspondente.

**Como norma xeral para a realización deste trámite o equipo directivo recomenda facer esta solicitude de admisión de alumnado a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia, xa que se trata do medio máis seguro para evitar contaxios non desexados.**

Se non se puidese levar a cabo deste xeito, pregamos que se cumpran as seguintes

### **NORMAS BÁSICAS DE ACCESO AO CENTRO ESCOLAR:**

- Farase petición de **cita previa** no teléfono: **881880858**
- Na medida do posible a asistencia dunha única persoa para realizar a xestión.
- Deberase acudir con **máscara ("mascarilla")** e manter a distancia de seguridade con outras persoas que se atopen no recinto de **dous metros mínimo**, sempre que sexa posible.

**NOTA IMPORTANTE:** o Centro permanecerá **aberto** dende o luns 11 de maio, **única e exclusivamente** co persoal imprescindible para atender este proceso de admisión de alumnado ou outros **trámites administrativos**.

Para o resto de consultas, prégase utilizar o correo electrónico: **ies.neira.vilas@edu.xunta.gal**



## **AVISO!**

### **PROCESO DE ADMISIÓN**

Rematado o prazo de presentación de solicitudes e feitas as validacións correspondentes,

#### **COMUNICAMOS:**

- Neste centro, os cursos onde existen máis demandas de praza que oferta son **1º e 3º de ESO.**

Polo que procederemos á baremación das solicitudes.

Para a devandita baremación só se terán en conta os criterios alegados e documentados que consten en cada solicitude. O prazo para alegar ou presentar documentación dos mesmos remata o 26 de maio de 2020.

A dirección do centro